

## CONVENIO DO PARLAMENTO DE GALICIA COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDANTES DA FACULTADE DE DEREITO

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES) ponse unha especial énfase na realización por parte dos estudantes de grao e mestrado de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Por este motivo

### COMPARECEN

A Excm. Sra. D.<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera na súa condición de presidenta do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia, con sede na rúa do Hórreo, Santiago de Compostela.

Por outra banda, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG n.º 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n.º 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Ambas as entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

### ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas curriculares, de conformidade co Regulamento de Prácticas Académicas Externas da UDC, aprobado polo seu Consello de Goberno do 23 de abril de 2013, e as seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar aos estudantes da titulación do Grao en Dereito da Universidade da Coruña a realización do Prácticum de Dereito Público correspondente ao Plan de estudos 612G01V01 (Grao en Dereito) dentro dos programas de cooperación

educativa promovidos pola entidade colaboradora Parlamento de Galicia (en diante, a Institución).

### **SEGUNDA. Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarios deste programa aqueles estudantes matriculados nalgunha titulación da Facultade de Dereito, de conformidade co plan de estudos correspondente.

Non poderán ser beneficiarios deste programa os estudantes que manteñan algunha relación contractual coa Institución, agás autorización obtida de acordo coa normativa interna da Universidade da Coruña.

### **TERCEIRA. Duración das prácticas**

A duración das prácticas académicas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos oportuno, dentro do marco previsto polo art. 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 260, do 30 de outubro), ou norma xeral posterior que o substituír.

### **CUARTA. Obrigas e dereitos dos estudantes**

Durante a realización das prácticas, *o/a* estudante comprometerase a cumprir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades que o Parlamento de Galicia lle encomende dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Institución; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Institución (mesmo unha vez finalizado o contrato de prácticas) e a manter o contacto cos seus titores.

Aos estudantes garantiránselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

- a) A tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos no Parlamento de Galicia.
- b) A avaliación de acordo cos criterios establecidos pola universidade.
- c) A obtención dun informe por parte da Institución, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) A recibir, por parte da Institución, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- e) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, logo de comunicación con antelación suficiente á Institución.
- f) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- g) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.

Unha vez finalizado o seu período de prácticas, *o/a* estudante terá que elaborar

unha memoria final de que fará entrega ao titor ou a titora académico/a. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacións:

- a) Datos persoais do ou a estudante.
- b) Entidade colaboradora en que realizou as prácticas e localización do centro de traballo.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas e os traballos desenvolvidos, así como dos departamentos da Institución.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas xurdidos e procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das adquisicións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

#### **QUINTA. Obrigas do Parlamento de Galicia.**

O Parlamento de Galicia comprométese a fixar o proxecto formativo que efectuarán os estudantes, e respectar os dereitos dos estudantes relativos á protección dos seus datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que realizarán os estudantes en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

Finalizadas as prácticas, a Institución expedirá ao ou á estudante un certificado acreditativo da súa realización e das súas características. Alén disto, remitirá debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas.

A realización deste convenio non supón contraprestación económica ningunha para o Parlamento de Galicia.

#### **SEXTA. Obrigas do centro**

O centro comprométese a convocar, difundir entre o seu estudiantado e tramitar as ofertas de prácticas que recibir da Institución no marco deste convenio.

#### **SÉTIMA. Relación entre o Parlamento de Galicia e os estudantes en prácticas**

A realización das prácticas non xenera ningunha relación xurídica, civil nin laboral, entre o Parlamento e os alumnos, que non percibirán da Cámara ningún tipo de retribución pola súa actividade e manterán cuberta a súa asistencia médica, farmacéutica e hospitalaria co seguro escolar.

Os alumnos respectarán en todo momento a vida institucional e administrativa do Parlamento.

A Institución poderá interromper unhas prácticas cando considere que o/a estudante vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará ao ou á representante do centro.

Se o/a estudante se incorpora á entidade Institución ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non se computará para os efectos de antigüidade, nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

#### **OITAVA. Titores**

Os estudantes en prácticas que se acolleren a este programa disporán dunha titoría académica e outra profesional.

O titor ou a titora académico/a será un/ha profesor/a do centro, mentres que o titor ou a titora profesional será un/ha profesional da Institución.

Os dous titores supervisarán as funcións levadas a cabo polos estudantes durante as súas prácticas, asistirános no que fora necesario e avaliarán o aproveitamento das prácticas.

Os titores académicos e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación.

Os titores profesionais e académicos terán os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, nos termos previstos no presente convenio de cooperación educativa e no Regulamento de Prácticas da UDC.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Os titores profesionais deberán cumprir as obrigas seguintes:

- a) Acoller o estudante e organizar a actividade que vai desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar o estudante da organización e o funcionamento da Institución e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que poidan xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir os informes que corresponda.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.

- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitarlle ao titor académico da universidade o acceso á Institución para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na Institución, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

O titor ou a titora académico/a terá as seguintes obrigas:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas abrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor da Institución e vistos, se fora o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudante tutelado, á vista da memoria final presentada polo/a estudante e o informe do titor ou a titora da Institución, mediante o correspondente informe.

#### **NOVENA. Seguro escolar**

Os estudantes menores de 28 anos están cubertos polo seguro escolar obrigatorio que pagan coa matrícula. Ademais, todos os alumnos da UDC -tanto os menores como os maiores de 28 anos están cubertos polo seguro Hac Luce, que pode ser ampliado nas súas coberturas de maneira individualizada e voluntaria por cada estudante. A maiores, a Institución poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente puider ocasionarse quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para estes efectos.

#### **DÉCIMA. Remisión aos anexos**

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio, de acordo cos modelos que se achegan.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do ou a estudante; o lugar en que se realizarán as prácticas; o nome dos titores; as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o/a estudante; a posible bolsa ou

axuda ao estudo e o tipo de seguro que dará cobertura ao ou á estudante.

As prácticas terán a validez académica que se lles outorgar no plan de estudos correspondente, no marco do Practicum, e incorporaranse ao Suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación. Cada anexo recollerá as materias, o número de horas e os créditos asignados, e será asinado polos estudantes, unha persoa representante da Institución e outra representante do centro.

En caso de incumprimento, a Institución poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das institucións asinantes, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Terá ademais as seguintes funcións:

- 1º. A interpretación do convenio.
- 2º. A proposta de addendas ou modificacións ao mesmo.
- 3º. Formular as convocatorias correspondentes a cada curso académico para a realización do Practicum de acordo cos criterios fixados polos responsables universitarios.
- 4º. Establecer os criterios de seguimento e avaliación dos programas do Practicum.
- 5º. Determinar as dependencias onde se realizarán as actividades do Practicum.
- 6º. A intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación de funcións e calquera outra relacionada co bo funcionamento deste convenio

#### **DÉCIMO SEGUNDA. Resolución.**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e causas xustificables.
- incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. Réxime Xurídico.**

Este acordo ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; de conformidade co establecido no seu artigo 8.3, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

#### **DÉCIMO CUARTA. Transparencia**

A sinatura deste convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer

públicos a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas webs, os datos referidos ao convenio de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

#### **DÉCIMO QUINTA. Vixencia**

A duración deste convenio será dun ano académico, e renovarase automaticamente por iguais períodos de tempo mentres non for denunciado por algunha das partes, que o comunicará á outra por escrito e con cando menos dous meses de antelación á data de renovación.

No entanto, a denuncia do convenio non afectará ás prácticas que xa se viñesen realizando no momento de efectuala.

En proba de conformidade, asínase este convenio en exemplar triplicado en todas as súas follas, para un só efecto, no lugar e a data que se indican a seguir:


Santiago de Compostela, 16 de abril de 2015.

Polo Parlamento de Galicia



Asdo.: Pilar Rojo Noguera  
Presidenta do Parlamento

Pola Universidade da Coruña



Asdo.: Xosé Luís Armesto Barbeito  
Reitor da UDC

Anexo

<b>Obxecto do convenio</b>	Convenio do Parlamento de Galicia coa Universidade A Coruña para a realización de prácticas académicas externas <u>curriculares</u> dos estudantes da Facultade de Dereito
<b>Institución na que se realiza a practica</b>	Parlamento de Galicia
<b>Identificación do estudante</b>	Nome Apelidos dni nº - - - - - - - - -
<b>Identificación dos titores</b>	- - - - - - - -
<b>Data inicio das practicas</b>	
<b>Data finalización das practicas</b>	
<b>Nº total de horas</b>	
<b>Proxecto formativo</b>	
<b>Bolsa ou axuda</b>	
<b>Seguro de cobertura</b>	